



Qwertyuiopasdfghjklzxcvbnm
qwertyuiopasdfghjklzxcvbnm
qwertyuiopasdfghjklzxcvbnm

**PROXECTO LINGÜÍSTICO
CEIP A LOMBA
Cursos 2023-27**

qwertyuiopasdfghjklzxcvbnm
cvcvcxvcvxcvcxvxcvcvqwerty
uiopasdfghjklzxcvbnmqwerty
uiopasdfghjklzxcvbnmqwerty
uiopasdfghjklzxcvbnmqwerty
uiopasdfghjklzxcvbnmqwerty

DATA APROBACIÓN:
10/10/2023

ÍNDICE

0.- INTRODUCCIÓN	2
1.- MARCO LEGAL	2
2.-CONTEXTO SOCIOLINGÜÍSTICO	3
3.-OBXECTIVOS XERAIS PARA O FOMENTO DA LINGUA GALEGA	5
4.-LIÑAS DE ACTUACIÓN PARA O FOMENTO DA LINGUA GALEGA	7
5.-LINGUA VEHICULAR DAS MATERIAS	8
6.- MEDIDAS PARA O ALUMNADO QUE NON TEÑA SUFICIENTE DOMINIO DAS LINGUAS.	8

0.- INTRODUCCIÓN

O Plan xeral de normalización da lingua galega, aprobado por unanimidade no Parlamento de Galicia en setembro do 2004, establece como un dos seus obxectivos xerais conseguir para a lingua galega máis funcións sociais e máis espazos de uso, e dálle prioridade á súa presenza en sectores estratéxicos. Precisamente, o ensino é un sector determinante para acadar este obxectivo.

Tanto o *Decreto 124/2007, do 28 de xuño, polo que se regula o uso e a promoción do galego no sistema educativo*, coma o *Decreto 79 /2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia* sinalan que a lingua constitúe un elemento básico de identidade cultural e representa un valor fundamental de cohesión nunha determinada comunidade lingüística.

O Estatuto de autonomía de Galicia, no seu artigo 5, define o galego como a lingua propia de Galicia e como xa dixemos, a lingua galega forma parte da nosa identidade, da nosa cultura, do noso patrimonio como pobo. Como afirma Agustín Fernández Paz: “O galego é de todos, dos que estamos, dos que marcharon e dos que están por chegar”. De aí a nosa obriga de colaborar na transmisión deste ben tan apreciado.

A adquisición dunha competencia comunicativa en galego por parte do alumnado só se pode conseguir a través da utilización vehicular desta lingua. O dominio básico da lingua oral, é condición previa para dominar a lingua escrita. No contexto sociolingüístico actual é fundamental que no ensino se procure cultivar unha actitude global de sensibilidade cara a lingua e fomentar actitudes de respecto e aprecio cara a mesma.

1.- MARCO LEGAL

O presente documento baséase na normativa vixente, tendo como principais referentes legais os que seguen a continuación:

- **Decreto 150/2022, do 8 de setembro**, polo que se establece a ordenación e o currículo da Educación Infantil na Comunidade Autónoma de Galicia
- **Decreto 155/2022, do 15 de setembro**, polo que se establecen a ordenación e o currículo de Educación Primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.
- **Decreto 79/2010, do 20 de maio**, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia.


2.- CONTEXTO SOCIOLINGÜÍSTICO

O CEIP A LOMBA, atópase no concello de Vilagarcía de Arousa, sendo este un concello da provincia de Pontevedra pertencente á comarca do Salnés.

A súa extensión repártese en diferentes parroquias: Arealonga (Santa Baia) | Bamio (San Xens) | O Carril(Santiago) | Cea (San Pedro) | Cornazo (San Pedro) | Fontecarmoa (San Pedro) | Rubiáns (SantaMaría) | Sobradelo (San Salvador) | Sobrán (San Martiño de Fóra) | Sobrán (SanMartiño) | Solobeira (San Fins) |Vilagarcía (Santa Baia). Tamén se reparte en varios barrios: San Roque, San José, A Escardia, Espiñeira, Os Durans, Castro, A Baldosa, Centro, A Maroma, As Bocas, Cornazo de Abaixo, A Xunqueira, Vilaboa, A Laxe, A Coca, O Piñeiriño, As Carolinas e A Florida.

Vilagarcía, capital da Ría de Arousa é porto natural de Santiago de Compostela. Segundo o padrón municipal, a súa poboación no ano 2022 son 37.677 persoas, sendo a novena cidade galega en poboación e a terceira da provincia tras Vigo e Pontevedra.

O centro escolar ten unha ampla zona de influencia na que se mesturan contornos rurais con realidades urbanas. Polo tanto a lingua galega e castelá mestúrase no centro académico, xa que a lingua predominante no centro da cidade é o castelán, mentres que no rural é o galego, aínda que os últimos anos o galego no rural tamén está desaparecendo.



As familias son de procedencia variada, sendo maioritariamente da propia comunidade autónoma, pero hai unha porcentaxe que procede doutras comunidades autónomas, outra porcentaxe de países estranxeiros de fala hispánica

(en aumento ao longo destes últimos anos) e outra pequena porcentaxe de países estranxeiros de fala non española, entrando este último ano unha nena de orixe chinesa.

A fala maioritaria da contorna é o castelán.

As familias tamén se expresan nas súas comunicacións orais e escritas, maioritariamente en castelán.

Como se explicou anteriormente, algunhas das familias do centro proceden de países estranxeiros de fala non hispánica como son o caso de Marrocos, Senegal, China, Exipto ou Ucraia entre outros. Son pouco competentes nas dúas linguas oficiais da nosa Comunidade Autónoma, sendo un problema para os nenos e nenas do centro na aprendizaxe destas linguas, sendo o único contacto con elas o centro educativo e os seus compañeiros e compañeiras, xa que soen ser familias con pouca relación co resto da comunidade educativa. O galego nestas familias é inexistente.

3.- OBXECTIVOS XERAIS PARA O FOMENTO DA LINGUA GALEGA

Serán obxectivos para o fomento da Lingua Galega:

CONTORNO SOCIOLINGÜÍSTICO:

- Fomentar o uso da lingua galega en tódolos contextos implicados na vida do centro (familia, ANPAS,) aumentando progresivamente o número de falantes.
- Fomentar unha actitude positiva cara a lingua galega evitando os prexuízos existentes.
- Valorar a lingua galega como lingua propia de Galicia, e como tal, elemento de identidade cultural do noso país.

Sensibilizar ás diferentes organizacións que colaboran co centro no uso da lingua galega.

- Acadar a implantación da lingua galega como lingua habitual en tódolos ámbitos da vida educativa e administrativa do centro.
- Manter informada á comunidade educativa de acontecementos vinculados coa cultura galega na zona: exposicións, festexos, revistas, concursos etc.
- Promocionar as festas tradicionais galegas.
- Promover o coñecemento da contorna inmediata: características do medio natural, historia, arte, xeografía etc.

PROFESORADO:

- Fomentar unha actitude positiva cara a lingua galega evitando os prexuízos existentes.
- Valorar a lingua galega como lingua propia de Galicia, e como tal, elemento de identidade cultural do noso país.
- Difundir o uso da lingua galega a través das novas tecnoloxías.
- Promover a actualización do profesorado con respecto á normativa en materia lingüística.

ALUMNADO:

- Fomentar unha actitude positiva cara a lingua galega evitando os prexuízos existentes.

- Valorar a lingua galega como lingua propia de Galicia, e como tal, elemento de identidade cultural do noso país.
- Concienciar ao alumnado da importancia do uso do noso idioma.
- Achegar aos alumnos/as á literatura galega, música, tradicións, xogos e elementos de tradición oral galega (refráns, coplas, adiviñas, sartas, trabalinguas...)
- Facilitar a asistencia ao colexio de ilustradores, escritores, contacontos, grupos teatrais e de música tradicional, ou persoeiros relevantes da escea pública, que promovan a lingua e cultura galegas.

Para o dominio da lingua escrita é condición indispensable o dominio da lingua falada, polo que debemos facer que entre ambas as dúas exista harmonía. Un dos obxectivos presentes neste Proxecto é o progreso do alumnado nas catro destrezas básicas e instrumentais da lingua: escoitar, ler, falar e escribir:

- Expresarse oralmente e por escrito con coherencia, corrección, creatividade e adecuación ás súas necesidades educativas.
- Comprender diferentes tipos de mensaxes valorando o seu uso en situacións e contextos diferentes.
- Utilizar a linguaxe oral e escrita como medio para analizar, comprender e organizar saberes e feitos de calquer tipo.
- Saber ler con fluidez, comprender e manter unha actitude crítica, tendo sempre presente que a lectura é unha fonte de placer.

4.-LIÑAS DE ACTUACIÓN PARA O FOMENTO DA LINGUA GALEGA

As propostas para acadar os obxectivos plantexados para os seguintes catro anos son:

- Dotar paulatinamente ó Centro de material bibliográfico que axude a solventar calquera dúbida referente ao galego, así como dicionarios de aula, libros de gramática, material audiovisual e informático en galego, correctores, páxinas web relacionadas coa nosa lingua e a nosa cultura, etc.
- Colaborar cos distintos equipos de dinamización do centro para fomentar o uso do galego nas actividades lectivas pero tamén nas complementarias e extraescolares.
- Utilizar a lingua galega en actividades non estrictamente escolares (nos patios, á saída e entrada do centro etc.).
- Achegar á comunidade educativa á música, ás tradicións galegas, literatura popular, adiviñas, trabalinguas, xogos tradicionais etc.
- Procurar que os contacontos, ilustradores, músicos etc. que veñan ao centro empreguen a lingua galega.
- Recuperación das festas de carácter anual e tradicional (Magosto, Samaín, Nadal, Entroido, Maíos, etc) .
- Organización e celebración da Semana das Letras Galegas con murais e materiais elaborados polos alumnos do Centro.
- Proposta de adquisición de libros, aplicacións informáticas e outros materiais en lingua galega.

O Equipo de Dinamización da lingua galega elaborará cada curso una addenda a este proxecto para incorporar á Programación Xeral Anual no que se irán concretando os obxectivos recollidos neste Proxecto.

5.- LINGUA VEHICULAR DAS MATERIAS

	1º	2º	3º	4º	5º	6º
LINGUA CASTELÁ	C	C	C	C	C	C
LINGUA GALEGA	G	G	G	G	G	G
MATEMÁTICAS	C	C	C	C	C	C
C. DA NATUREZA	G	G	G	G	G	G
C. SOCIAIS	G	G	G	G	G	G
PLÁSTICA	G	G	G	G	C	C
MÚSICA	G	G	G	G	G	G
E.F.	C	G	C	C	G	G
RELIXIÓN/ PROX.COMPETENCIAL	G	C	C	G	C	C
EDUCACIÓN E VALORES CÍVICOS E ÉTICOS						G
INGLÉS	I	I	I	I	I	I
L. CONFIGURACIÓN				I		I

G= galego C= castelán I=inglés

6.- MEDIDAS PARA O ALUMNADO QUE NON TEÑA SUFICIENTE DOMINIO DAS LINGUAS

O alumnado que chega ao centro procedente do estranxeiro ou doutra comunidade autónoma require un tratamento específico pois non foi escolarizado nunca en galego e pode non ter ningún contacto coa lingua dentro do ámbito familiar. Co fin de que estes alumnos poidan seguir con aproveitamento as ensinanzas que se lles imparten o centro contempla unha serie de medidas:

- Papel activo do titor/a como orientador lingüístico permanente que resolva dúbidas e integre ao alumnado nos usos lingüísticos correctos.
- Utilización de materiais de consulta bilingües como dicionarios, enciclopedias, enciclopedias visuais, programas informáticos, etc.
- Elaboración por parte dos titores/as dun programa individual de adaptación no que se inclúan obxectivos secuenciados por trimestre, actividades orientadas á mellora da competencia lingüística en galego e avaliación do proceso de ensino-aprendizaxe.
- Formación de equipos de integración de aula no que os novos alumnos reciban axuda e orientación por parte dos seus propios compañeiros.

- Deseño de actividades que fomenten o plurilingüismo, que poñan en valor as linguas presentes no noso sistema educativo e promociónen unha actitude aberta cara a diversidade lingüística mundial.
- Adaptar o material á situación sociolingüística e escolar do alumno.
- Recomendar textos seleccionados que faciliten a familiarización coas estruturas básicas e coa semántica, así como a velocidade lectora en lingua galega.